

↑ *Anoche conquisté Tebas*. Gabriel Azorín (Foto: ©Amador Lorenzo) ESTREA 6 SET

# NUMAX PRESENTA:

**105 | SETEMBRO 2026**

Libraría

# *Inicio do ano lector*

Despois da pausa do verán, do tempo para atoparse cos clásicos e cos libros pendentes, chega setembro coa *rentrée*. Aquí algúns dos títulos que poderedes atopar nas novidades deste mes na nosa libraría.




***Nunca muere***
Miriam Reyes
LA BELLA VARSOVIA
13,90€




***A casa da alegría***
Edith Wharton
IRMÁS CARTONÉ
23€




***Cuando seas feliz, golpea tú primero***
Tatiana Tîbuleac
IMPEDIMENTA
21,50€




***Todos mis pecados y la mitad de mi dolor***
Elena Medel
SEIX BARRAL
22,90€




### *Gran manual del fracaso*
Juanpe Sánchez López

ANAGRAMA
14,90€C




### *Chao, bicos*
Claire Louise-Bennett

RODOLFO
E PRISCILA
21€




### *Pajaritos preñados*
Andrea Abreu

ANAGRAMA
23.90€




### *La revolución de las luciérnagas*
Manuel Rivas

ENDEBATE
12,90€




### *O derradeiro gimlet*
Diego Ameixeiras

XERAIS
18,50€




### *Fantasma*
Nerea Pérez de las Heras

ALFAGUARA
19,90€




### *Un país de eucaliptos*
Primitivo Carbajo

RINOCERONTE
20€




### *Famesick*
Lena Dunham

DEBATE
23,90€




***Más allá de las razones***
Yiyun Li
CHAI
18,90€




***Glifo***
Ali Smith
NÓRDICA
20,95€




***El libro de plata***
Olivia Laing
ALPHA DECAY
20,90€




***Historias de animales***
Kate Zambreno
ETERNA CADENCIA
17,90€

# Eventos | Setembro 2026

**MARTES 8 DE SETEMBRO**
**ÁS 19:00H**

Presentación arredor do libro *Días de una cámara* (ECAM) de **Nestor Almendros** con **Juan Meseguer, Alicia Francés** e **Alberte Branco.**

**XOVES 17 DE SETEMBRO**
**ÁS 19:00H**

Presentación de *Comer con los ojos* (ESPASA) de **Jorge Guitián.** O autor estará acompañado por **El Barroquista.**



WOS Festival
x SON Estrella Galicia

Santiago de Compostela
11-13.09.2026

Ana Roxanne, Artur M. Puga & Sevi Iko Dømochevsky present Scrolling Thru The Wound, Ben Vince, Blood of Aza, Demdike Stare presents Who Owns the Dark?, Eerie Enterprise 'Piezo & upsammy', Grobas b2b Pumu, gyrofield, HHY & The Kampala Unit, Israa Shalaby, JASSS, Jokkoo Collective presents Organic Intelligence, Juli Deák, Lee Gamble, Midori Hirano, Mor Elian, Paul Jebanasam presents mātr, Polygonia, Saya, Shackleton, SKY H1, Slikback feat. maltdisney & Tasya present Friction, Space Afrika, Tujiko Noriko, Visible Cloaks, Yu Su presents Foundry.

+ obradoiros, sesións de escoita, cinema, parladoiros, instalacións.

wosfestival.es

Papel & Prata — 03
*Acontecementos íntimos*

26.09.2026 | 12.00
Libraría NUMAX

**Paula Ducay
& Inés García**

Inscrición previa en
libraria@numax.org

Actividade
subvencionada pola
Deputación DA CORUÑA
NUMAX



# Cinema

## Filme do mes:



### LA BOLA NEGRA ESTREA 25 SET

**Javier Ambrossi / Javier Calvo, 155', ESP, VO**
Con Guitarricadelafuente, Miguel Bernardeau,
Carlos González, Penélope Cruz

Xa está aquí o novo artefacto de Los Javis que, tras dar a gran sorpresa en Cannes co premio a Mellor Dirección promete impactarnos con tres historias interconectadas de tres homes que viviron épocas diferentes. Tres existencias intimamente ligadas pola sexualidade e o desexo, a dor e a herdanza; e unha obra incabada de Federico García Lorca.

**Mellor Dirección — Cannes 2026**

# Estreas



## JIM QUEEN 4 SET

**M. Nguyen / N. Athane, 83′, FR, VOSE, +16**

Na escena gai parisina, Jim é o rei de Gym Queens, a comunidade máis sexi e cobizada das redes sociais. Un día, dáse de conta de que se infectou de Heterosis, un estraño virus que decima a comunidade e converte aos gais en... heterosexuais! O filme máis divertido de Cannes 2026.

🏆 **Fóra de concurso — Cannes 2026**



ℹ 6 SET | Presentación e coloquio co director

## ANOCHE CONQUISTÉ TEBAS 6 SET

**Gabriel Azorín, 112′, LAT/PT, VOSE, +7**

Con Santiago Mateus, António Gouveia

Nunha fría tarde de inverno, António e Jota volven da fronte canda os seus amigos na busca dunhas antigas termas romanas. Ha algo misterioso nelas que lles dá o valor de dicir cousas que nunca contaran a ninguén.

🏆 **Premio Punto de Encuentro — SEMINCI 2026**



## FORASTERA 11 SET

**Lucía Aleñar Iglesias, 97′, CAT, VOSE, +12**

Con Zoe Stein, Lluís Homar

Cata verá como as súas vacacións de verán se ven alteradas pola absurda e repentina morte da súa avoa, que só ela presencia. O seu loito dá un xiro inesperado cando, case sen propoñelo, empeza a facerse pasar por ela.

🏆 **Premio FIPRESCI — Toronto 2025**



## FEMENÍ, SINGULAR 18 SET

**Xavi Puebla, 91′, CAT, VOSE, +7**

Con Vico Escorcia, Nora Navas

Nayeli, unha moza mexicana que traballa como empregada doméstica en Barcelona, enfróntase a unha serie de adversidades inesperadas. Mentres loita por recuperar o control da súa vida, a súa determinación vaina enfrontar a unha sociedade que a xulga e limita. No seu camiño, encontrará a forza para se transformar.

🏆 **Sección Oficial — Málaga 2026**

## Pioneiras



### MERRILY WE GO TO HELL (TÚA PARA SEMPRE) 1 SET

**Dorothy Arzner, 78', ING, VOSE, 1932**
Con Sylvia Sidney, Fredric March

Debates de hoxe como as adicións, as relacións abertas ou a liberación sexual feminina foron tratados en 1932 neste filme de Dorothy Arzner, a única muller directora do Hollywood dos anos 30.

## Papel e prata



Presentación e coloquio con María Sánchez

### PAIXÓN 4 SET

**Ingmar Bergman, 101', SV, VOSE, 1969**
Con Max von Sydow, Liv Ullmann

Andreas, un home desconectado do mundo despois do seu divorcio, retírase a vivir a unha pequena illa do Báltico. Alí coñece unha parella de artistas que está en plena desintegración e unha moza e inestable viúva.

**Premio Especial do Xurado — SEMINCI 1970**

## Os ollos verdes



### O OLOR A LEITE QUEIMADO 7 SET

**Justine Bauer, 78', DE, VOSE, +12**
Con Karolin Nothacker, Johanna Wokalek

O leite leva xa tempo sendo un produto pouco rendible e cada vez son máis as explotacións que se ven obrigadas a pechar. Porén, Katinka aférrase ao negocio familiar, está a formarse en agricultura e busca o seu futuro nun lugar onde aínda se recorde como eran as cousas antes

**Sección Oficial — Sevilla 2025**



### UNA PELÍCULA DE MIEDO 14 SET

**Sergio Oskman, 72', ESP/PT, VOSE, +12**
Con Sergio Oskman, Nuno Oskman

Durante as vacacións de verán, un director de documentais e o seu fillo de doce anos alóxanse nun hotel abandonado de Lisboa. Un hotel baleiro como o do filme *O resplandor*.

**Zabaltegi — Donostia 2025**

# Foco Néstor Almendros



## A MARQUESA DE O. 8 SET

**Éric Rohmer, 102′, FR, VOSE, 1976**
Con Edit Clever, Bruno Ganz

Século XIX. Norte de Italia. Xulieta, a marquesa de O, é unha fermosa e moza viúva que vive con seus pais. Durante o asedio da súa cidade polas tropas rusas, a Marquesa sofre un intento de violación, pero sálvase grazas á intervención dun xentil cabaleiro ruso, o Conde.

🏆 **Premio Especial do Xurado — Cannes 1976**



ℹ Presentación e coloquio con Juan Meseguer

## XENERAL IDI AMIN DADA 15 SET

**Barbet Schroeder, 86′, ING/FR, VOSE, 1974**

Idi Amin foi responsable da morte de 300.000 ugandeses na década dos 70. Coa súa colaboración, a cámara ségueo nun safari, unha competición de natación e outros eventos organizados para demostrar a súa popularidade, pero que en realidade deixan patentes a súa paranoia e loucura.



ℹ Presentación e coloquio con Alicia Francés

## AS DÚAS INGLESAS E O AMOR 22 SET

**François Truffaut, 125′, FR, VOSE, 1971**
Con Jean-Pierre Léaud, Stecey Tenderer, Kika Markham

No París de 1900, Claude Roc, un mozo de clase media, entabla amizade con Anne Brown, unha moza inglesa. Ela convídao á súa casa de Gales, onde vive coa súa irmá Muriel. Unha vez alí, aínda que Claude sente atracción por Anne, ela procurará desviar a súa atención cara a Muriel.

🏆 **Espiga de Ouro a Mellor Película — SEMINCI 1972**



ℹ Presentación e coloquio con Al-berte Branco

## DÍA NO CEO 29 SET

**Terrence Malick, 94′, ING, VOSE, 1978**
Con Richard Gere, Brooke Adams

1916. Bill e Abby forman unha parella moza e deciden abandonar a pobreza e a dura vida de Chicago. Acompañados de Linda, a irmá de Bill, viaxan cara aos grandes campos de trigo de Texas, onde encontran traballo como braceiros nunha granxa.

🏆 **Mellor Dirección — Cannes 1978**

## Petís Numax



### MUMBO JUMBO FAISE ENORME 19-20 SET

**Karten Kiilerich, 83′, VE, +3**

Mumbo Jumbo vive tranquilo coa súa nai nun pequeno val. Un día, por accidente Mumbo come un cogomelo máxico que o fai medrar de golpe... Tanto, que xa non colle no cuarto! Por sorte, Frede e Mandril teñen a solución ao problema. O plan inclúe unha viaxe ata a remota Siberia e un encontro coa bruxa Baba Yaga.

## Wos Festival




Presenta Rodrigo Areias

### NOVA ‘78 12 SET

**Rodrigo Areias / Aaron Brookner, 78′, ING VOSE**

Resucitada grazas a unha restauración de arquivos, "Nova '78" mostra imaxes nunca vistas da lendaria Nova Convention, onde William Burroughs, Patti Smith, Zappa, Ginsberg e moitos máis chocaron nunha explosión de ideas, arte e rebelión.



### INVISIBLE PEOPLE 13 SET

**Alisa Berger, 71′, ING, VOSE**

Unha viaxe atmosférica a Xapón nunha película existencial e expresiva onde a danza butoh, coma un pesadelo, convértese no prisma a través do cal se manifestan as forzas da vida. O horrendo e o sublime encóntranse e emerxen estrañas microconexións.

## Hola Nola Fest



Presentación e coloquio coa directora

### EU NÃO DIGO ADEUS, DIGO ATÉ LOGO + MARÉ + SUKANDE KASAKA 16 SET

**Giuliana Monteiro (14′ + 11′ + 31′)**

O Cinema NUMAX colabora un ano máis co Holanola Fest, coa proxección de tres curtas que serán presentadas pola cineasta brasileira Giuliana Monteiro: «Eu não digo adeus, digo até logo» (Giuliana Monteiro, 14′), «Maré» (Giuliana Monteiro, 11′) e «Sukande Kasaka» (Fred Rahal & Kamikia Kisedje, 30′).

NUMAX
Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
**www.numax.org**
@numaxcoop

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de
AAAAAAAgencia
GGGGGGGráfica